

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.<sup>a</sup>,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 10.11.2017

Hora: 10:30

A Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 10 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.** Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [(doc. núm. 16854, 10/PL-000006)].

**Punto 2. Preguntas**

2.2 18034 (10/POC-003021)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para a apertura dun expediente sancionador á radio comunitaria da Coruña Cuac FM, a posible incidencia da exclusión deste tipo de radios no último concurso público de licenzas e as medidas previstas para o cumprimento da lexislación vixente, así como as recomendacións da defensora do pobo ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*

2.3 18744 (10/POC-003101)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre a adopción pola Xunta de Galicia dalgún acordo referido á realización de obras no termo municipal de Tui cuxa execución se condicionou a que prosperase unha moción de censura no Concello  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017*

2.4 19343 (10/POC-003177)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 6 máis  
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos resultados do proxecto piloto de mediación intraxudicial no ámbito familiar posto en marcha no ano 2009 no partido xudicial de Santiago de Compostela, as vantaxes que achega a mediación intraxudicial á modernización da Administración de xustiza e o investimento levado a cabo nela ao longo destes anos, así como a súa proxección a outros ámbitos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*

- 2.5 19364 (10/POC-003182)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión do actual sistema de atención ás emerxencias e protección civil de Galicia, como consecuencia das deficiencias detectadas durante a vaga de incendios de mediados de outubro de 2017  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 15754 (10/PNC-001354)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 6 máis  
Sobre o establecemento polo Goberno galego dun marco regulador para os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de Policía Local, así como para favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017*
- 3.2 18216 (10/PNC-001485)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada "A criminalización do pensamento"  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017*
- 3.3 19285 (10/PNC-001554)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a inclusión da perspectiva do coidado, benestar e protección dos animais nos protocolos de actuación ante emerxencias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017*
- 3.4 19412 (10/PNC-001571)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis  
Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego no artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE  
COMISIÓN 1.<sup>a</sup>, INSTITUCIONAL, DE  
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR  
POR ORDE ALFABÉTICA**

**Mesa**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| Presidente                     |   |
| César Manuel Fernández Gil     | P |
| Vicepresidenta                 |   |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Secretaria                     |   |
| Patricia Vilán Lorenzo         | S |

**Vogais**

|                             |     |
|-----------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres       | BNG |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S   |
| Jacobo Moreira Ferro        | P   |
| Antonio Mouriño Villar      | P   |
| María Isabel Novo Fariña    | P   |
| José Alberto Pazos Couñago  | P   |
| Paula Prado del Río         | P   |
| Carmen Santos Queiruga      | EM  |
| Luis Villares Naveira       | EM  |

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 10.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [(doc. núm. 16854, 10/PL-000006)].

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.       Preguntas

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      18034(10/POC-003021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para a apertura dun expediente sancionador á radio comunitaria da Coruña Cuac FM, a posible incidencia da exclusión deste tipo de radios no último concurso público de licenzas e as medidas previstas para o cumprimento da lexislación vixente, así como as recomendacións da defensora do pobo ao respecto

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 16:54  
Nº Rexistro: 18034  
Data envío: 02/10/2017 16:54:40.816

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a apertura dun expediente sancionador contra Cuac FM por emitir sen a correspondente licenza radiofónica.

O 21 de setembro de 2016 a Xunta de Galiza notificou á radio comunitaria coruñesa, Cuac FM, a apertura dun expediente sancionador por emitir sen a correspondente licenza radiofónica advertíndolle, alén do máis, de que se expón a unha multa de entre 100 mil e 200 mil euros.

Esta emisora, en activo desde o ano 1996, reclamou en diversas ocasións que a Xunta de Galiza aplique a Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual pola que se recoñecen os medios comunitarios coma un dereito da cidadanía (artigo 4), e establece na súa Disposición Transitoria 14 o dereito dos servizos de comunicación audiovisuais comunitarios de radio e televisión preexistentes, que emitían antes do 1 de xaneiro do 2009, a acceder a licenzas ou autorizacións no ámbito de cobertura no que viñan prestando a súa actividade.

Así as cousas, malia as demandas de Cuac FM e a Rede de Medios Comunitarios o Goberno galego rexeitou en varias ocasións aplicar a lei excluindo as radios comunitarias, non lucrativas, do concurso de licenzas de 2013.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2017 16:54**  
**Nº Rexistro: 18034**  
Data envío: 02/10/2017 16:54:40.816

O pasado 28 de setembro a asemblea de socias e socios do Colectivo de Universitarios Activos (Cuac) decidiu rematar coas emisións en FM dando continuidade ao seu traballo a través da rede (*streaming*) non sen amosar publicamente a súa perplexidade porque este expediente iniciado pola Xunta lles sexa notificado agora e sen previo aviso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cal foi a razón que motivou a apertura, por parte do Goberno galego, dun expediente sancionador contra Cuac FM?

- Cre a Xunta de Galiza que ten algún tipo de responsabilidade no feito de que Cuac FM non conte con licenza radiofónica toda vez que no último concurso público excluíu este tipo de radios da posibilidade de acceder a elas?

- Por que motivo a Xunta de Galiza non aplica a Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual no noso país en relación ás radios comunitarias non lucrativas?

- Pensa adoptar o Goberno galego algunha medida para dar cumprimento á lexislación vixente así como ás recomendacións da Defensora del Pueblo a este respecto?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 16:54  
Nº Rexistro: 18034  
Data envío: 02/10/2017 16:54:40.816

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 16:51:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 16:51:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 16:51:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 16:51:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 16:51:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 16:51:42**

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3      18744(10/POC-003101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia dalgún acordo referido á realización de obras no termo municipal de Tui cuxa execución se condicionou a que prosperase unha moción de censura no Concello

*Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.<sup>a</sup>**

O día 17 de outubro de 2017 ten lugar en Tui unha moción de censura acordada entre o Partido Popular e Convergencia 21.

O programa pactado entre ambas formacións, tal como explica na súa web C21, iníciase con este enunciado:

*“ACORDO PROGRAMÁTICO PP-C21 PARA O GOBERNO DO  
CONCELLO DE TUI*

*As direccións de Partido Popular e Convergencia 21 despois de varias xuntanzas de traballo acordan o seguinte programa para a súa implementación por parte do goberno de coalición entre ambos os partidos. Os garantes do acordo que describimos a continuación, son os nove integrantes do goberno que propomos, así como cargos supramunicipais de ambas organizacións: Don José Manuel Cores Touris, en calidade de Secretario Xeral do PP de Pontevedra e como garante do compromiso das administracións supramunicipais gobernadas*



*polo Partido Popular e Don Garcilaso de la Vega López en calidade de Secretario Xeral de C21.”*

Entre os contidos acordados entre os polos grupos políticos censurantes, figuran os seguintes:

*“CIDADE MONUMENTAL*

*Compromiso da Xunta e do Goberno de España na rehabilitación do Teatro Principal.*

**XUNTA**

*Compra finca por parte do concello. Ampliación nº1 e compromiso Xunta acondicionar esa ampliación.*

*Execución durante este mandato da: inicio obras acceso desde a VAC ao polígono de Areas , construción dos novos xulgados e rotonda no enlace entre a estrada que procede da EDAR e a estrada Guillarei-Caldelas.*

*Novo pantalán deportivo.”*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

1. Acordou a Xunta de Galicia como institución a realización de obras condicionando a súa execución á prosperabilidade desta moción de censura?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/10/2017 12:22  
**Nº Rexistro: 18744**  
Data envío: 16/10/2017 12:22:49.331



- 2.- As actuacións descritas no Pacto de goberno, se permiten unha mellora substancial nas condicións de vida das tudensas, por que non se levaron a cabo antes?
- 3.- É Alfonso Rueda o responsable político que garante na Xunta o pacto polo que se realizan obras en Tui a cambio de apoiar a moción de censura?
- 4.- Como é posible o emprego de recursos públicos para pagar favores electorais?
- 5.- Está a Xunta comprometida mediante este pacto á realización das obras alí descritas? Se non o está, por que permite que o acordo entre estes partidos inclúa a mención a compromisos da Xunta?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 16/10/2017 12:21:02**

**Carmen Santos Queiruga na data 16/10/2017 12:21:10**

**Antón Sánchez García na data 16/10/2017 12:21:15**

**Paula Vázquez Verao na data 16/10/2017 12:21:24**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/10/2017 12:21:27**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 16/10/2017 12:21:34**

**Eva Solla Fernández na data 16/10/2017 12:21:37**

**Luca Chao Pérez na data 16/10/2017 12:21:39**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/10/2017 12:21:42**

**Magdalena Barahona Martín na data 16/10/2017 12:21:44**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 12:22**  
**Nº Rexistro: 18744**  
Data envío: 16/10/2017 12:22:49.331



**José Manuel Lago Peñas na data 16/10/2017 12:21:47**

**Francisco Casal Vidal na data 16/10/2017 12:21:49**

**David Rodríguez Estévez na data 16/10/2017 12:21:52**

**Marcos Cal Ogando na data 16/10/2017 12:21:56**



**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 10.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4      19343(10/POC-003177)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos resultados do proxecto piloto de mediación intraxudicial no ámbito familiar posto en marcha no ano 2009 no partido xudicial de Santiago de Compostela, as vantaxes que achega a mediación intraxudicial á modernización da Administración de xustiza e o investimento levado a cabo nela ao longo destes anos, así como a súa proxección a outros ámbitos

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 13:25  
**Nº Rexistro: 19343**  
Data envío: 24/10/2017 13:25:52.005

### Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Desde que no ano 2009 a Xunta de Galicia comezou cun proxecto piloto de mediación intraxudicial no ámbito de familia no partido xudicial de Santiago de Compostela, esta experiencia foi estendéndose progresivamente, e a día de hoxe está implantada en todas as cidades galegas.

É por tanto unha vía apropiada na resolución de conflitos en determinados ámbitos, como o familiar, e á vez vén ser a mediación unha peza crave de futuro na modernización da Administración de xustiza.

Logo de máis de 8 anos impulsando da andadura desta solución, cómpre facer balance dos resultados alcanzados.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Como avalía o Goberno da Xunta de Galicia a practica deste proxecto piloto de mediación intraxudicial ?
2. Que vantaxes aporta a mediación intraxudicial na modernización da Administración de xustiza?
3. Cal foi ao longo destes anos o investimento realizado pola Xunta de Galicia en mediación intraxudicial?
4. Estase a proxectar en Galicia a mediación intraxudicial noutros ámbitos máis alá do familiar?



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 13:25  
Nº Rexistro: 19343  
Data envío: 24/10/2017 13:25:52.005**

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 24/10/2017 13:09:49**

**César Manuel Fernández Gil na data 24/10/2017 13:10:13**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/10/2017 13:10:21**

**María Isabel Novo Fariña na data 24/10/2017 13:10:36**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/10/2017 13:10:49**

**Alberto Pazos Couñago na data 24/10/2017 13:11:20**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/10/2017 13:12:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 10.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5      19364(10/POC-003182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión do actual sistema de atención ás emerxencias e protección civil de Galicia, como consecuencia das deficiencias detectadas durante a vaga de incendios de mediados de outubro de 2017

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



Grupo Parlamentario

#### Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na vaga de incendios forestais dos días 14, 15 e 16 deste mes morreron en Galicia catro persoas, ardendo máis de 35.000 hectáreas (ademais das 12.600 que xa arderan desde o mes de xaneiro deste ano), con incidencia grave tamén en áreas urbanas.

Traballadores do 112, dos servizos de bombeiros e das brigadas forestais veñen trasladando estes días á sociedade galega a situación de caos, fragmentación, desorganización e a falta real de recursos para previr e facer fronte a estas dramáticas xornadas de lumes que Galicia viviu eses días.

Distintos efectivos usando canais de comunicación con frecuencias diferentes, só sete persoas atendendo o domingo 15 pola mañá as chamadas no 112, unha máis que dubidosa xestión da información e da comunicación por parte da CRTVG, servizos de bombeiros urbanos dispoñibles e que tardaron en ser mobilizados doce horas, sistemas aéreos de extinción de incendios cunha vida media que duplica os estándares requiridos, carencias no 085 para unha eficaz atención das chamadas en zonas de Ourense ou o desmantelamento do dispositivo de reforzo de verán nos servizos de prevención e extinción de incendios cunhas condicións climatolóxicas de risco extremo, son circunstancias que esixen revisar, con urxencia pero con perspectiva e criterio técnico, o actual sistema de xestión de emerxencias en Galicia.

No pasado mes de setembro, o vicepresidente da Xunta anunciara que xunto coas deputacións e os concellos revisaría e crearíase un novo mapa de emerxencias “profesional” e “estable” para aportar unha cobertura “do cen por cen nun tempo razoable”. Este anuncio fíxose tras a reunión da Comisión Galega de Protección Civil. E se daquela esta necesidade era manifesta, especialmente tras varios erros de descoordinación entre parques urbanos e comarcais de extinción de incendios, a necesidade actual de acometer unha profunda revisión de todo o sistema de emerxencias de Galicia é manifesta e da máxima urxencia.

Por iso, o noso Grupo parlamentario, xunto co de En Marea e do BNG solicitamos tamén con carácter urxente o propio día 16 de outubro pasado a comparecencia na Comisión 1ª do director xeral de Emerxencias e Interior, para explicar o funcionamento dos operativos de emerxencias e protección civil durante ese negro fin de semana en toda Galicia. Comparecencia que aínda non se ten producido pasados case dez días.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/10/2017 09:30  
Nº Rexistro: 19364  
Data envío: 24/10/2017 20:40:48.612



---

**Grupo Parlamentario**

Por iso o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para revisar o actual sistema de emerxencias e protección civil de Galicia como consecuencia de todos os fallos detectados na vaga de lumes dos días 14, 15 e 16 de outubro actual?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/10/2017 20:36:32**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 24/10/2017 20:36:44**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/10/2017 20:36:52**

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

3.        Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 10.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1      15754(10/PNC-001354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun marco regulador para os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de Policía Local, así como para favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil

*Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/09/2017 16:30  
Nº Rexistro: 15754  
Data envío: 07/09/2017 16:28:03.187

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Jacobo Moreira Ferro, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Isabel Novo Fariña**, ao abeiro do disposto nos artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos:

A política de fomento da prestación conxunta de servizos municipais ten sido un eixo de actuación fundamental da Xunta de Galicia dende fai anos, con bo resultado en diversos ámbitos nos que as ordes de axudas autonómicas teñen impulsado servizos municipais prestados de xeito compartido entre concellos veciños, mellorando a eficiencia e ampliando o número de potenciais beneficiarios.

Ese beneficios que temos constatado en servizos como os de emprego ou os de igualdade poderían estender tamén aos servizos de seguridade e emerxencias.

Deste xeito, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concurría nas pasadas eleccións autonómicas do 2016 e conquería a maioría absoluta manifestábase a necesidade de favorecer as posibles asociacións de concellos en dous ámbitos dentro destas políticas: o servizos de policía local e o servizo de protección civil, especialmente daqueles concellos con menos habitantes e recursos, de xeito que a través de sistemas colaborativos ou de xestión mancomunada poidan prestar unha atención de calidade á súa poboación, beneficiándose solidariamente de medios e de persoal.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer un marco que regule os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de policía local e favorecer as posibles asociacións de Concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/09/2017 16:30  
Nº Rexistro: 15754  
Data envío: 07/09/2017 16:28:03.187**

Santiago de Compostela, 7 setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 07/09/2017 16:25:41**

**Paula Prado Del Río na data 07/09/2017 16:25:52**

**César Manuel Fernández Gil na data 07/09/2017 16:26:00**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/09/2017 16:26:02**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/09/2017 16:26:10**

**Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2017 16:26:18**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/09/2017 16:26:26**

**María Isabel Novo Fariña na data 07/09/2017 16:26:40**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

3.2      18216(10/PNC-001485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa  
decisión do Concello de Redondela respecto da exposición  
titulada "A criminalización do pensamento"

*Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/10/2017 10:48  
Nº Rexistro: 18216  
Data envío: 04/10/2017 10:48:07.250

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 27 de setembro o goberno municipal de Redondela procedía a retirar da sala de exposicións do Multiusos unha mostra do colectivo republicano de Redondela titulada “A criminalización do pensamento” que recollía fotografías de conflitos sociais e bandeiras republicanas. Segundo a comunicación enviada ao colectivo por persoal do concello, a exposición recolleuse por petición da comisaría de policía.

A xuízo do BNG estamos ante un caso grave de censura e represión da liberdade de expresión, que é máis propia doutras épocas históricas, nas que a policía, a garda civil ou o exército imponían a súa autoridade empregando a forza dun estado ditatorial. Fronte a este xeito de proceder, as democracias baséanse no respecto ao pluralismo, á diversidade ideolóxica e de pensamento, e á liberdade de expresión. E estes dereitos fundamentais foron vulnerados polo concello de Redondela.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/10/2017 10:48**  
**Nº Rexistro: 18216**

Data envío: 04/10/2017 10:48:07.250

A xustificación feita pública pola concelleira de cultura, no sentido de que se retirou a exposición para garantir a convivencia e en resposta a queixas de diversas persoas pon en evidencia a intolerancia e o sectarismo do goberno municipal.

Paradoxalmente, o título da mostra foi premonitorio: “a criminalización do pensamento”. Efectivamente estamos ante un exemplo da persecución de quen pensa diferente, un paso máis escalada reaccionaria e na involución ideolóxica que está a levar a cabo o Partido Popular.

Ante a gravidade destes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza adopta como resolución expresar a condena á decisión do Concello de Redondela de censurar a exposición “Criminalización do pensamento”, por entender que vulnera dereitos fundamentais como o de liberdade de expresión e pensamento.”

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2017

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/10/2017 10:48**  
**Nº Rexistro: 18216**  
Data envío: 04/10/2017 10:48:07.250

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2017 10:19:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2017 10:19:23**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2017 10:19:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2017 10:19:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2017 10:19:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2017 10:19:35**

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

3.3      19285(10/PNC-001554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a inclusión da perspectiva do coidado, benestar e protección dos animais nos protocolos de actuación ante emerxencias

*Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 19285  
Data envío: 23/10/2017 14:03:50.554



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión, relativa a inclusión da perspectiva do benestar animal nos protocolos de evacuación e actuación en catástrofes e accidentes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A última vaga de lumes que abrasou o noso país volveu a poñer en valor a honra, a vontade e a forza da cidadanía galega, traballando a reo para extinguir os centos de focos incendiarios que nos últimos meses asolaron terreos agrícolas, zonas naturais, vivendas e mataron tamén a varias persoas, sen esquecer a perda da riqueza ambiental e da biodiversidade provocada.

Non podemos deixar de lado a morte de milleiros de animais, nas granxas, nos fogares arrasados polo fogo, especies silvestres con poucas posibilidades de fuxir, como a continuidade de cabalos coas patas trabadas polas tristemente coñecidas "pexas" ou "trancas", que evidencian a necesidade de incluír a perspectiva do benestar e protección dos seres vivos nos protocolos de actuación e evacuación en catástrofes deste tipo, pero tamén noutros sucesos de menor escala.

Diferentes organizacións internacionais emiten, de maneira regular, consellos e propostas para preparar plans de emerxencia con animais no caso de desaloxar unha vivenda, unha granxa ou espazos de especial sensibilidade, como parques zoolóxicos, e os gobernos teñen a obriga de escoitar estas voces que, como as





Protectoras de Animais, asociacións como LIBERA! ou a Fundación Franz Weber e os Grupos de defensa dos animais, reclaman conciencia nas autoridades para incluír estas medidas en Galicia.

En países como a República Arxentina, Suíza, Ecuador ou Colombia xa están en vigor este tipo de iniciativas, por elo reclamamos que a activación dos protocolos de emerxencia, a través do servizo integrado autonómico, do 112, inclúan medidas para actuar no caso de que os animais precisen medios para a súa posta en lugares seguros. Así, é preciso crear plans de emerxencia familiar, para que cada galega e galego coñeza como pode actuar nos momentos previos ao desaloxo por incendio ou inundación, por exemplo, e como podería sacar aos animais da vivenda, cortello ou calquera construción.

Esta perspectiva dos cuidados aos animais tamén debe ser coordinada, para evitar situacións como as vividas en Chandebrito e outras zonas, influíndo na capacidade de acción dos profesionais da extinción. Así, é prioritaria a creación de listaxes e bolsas de medios, tanto técnicos como humanos, aos que recorrer no caso dunha emerxencia.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incluír consellos e recomendacións en protocolos de actuación ante emerxencias para a cidadanía que conteñan a perspectiva do cuidado e benestar dos animais.
2. Incluír protocolos de actuación ao respecto da protección animal nas actuacións dos Servizos de Emerxencia, como o 112, para activar os medios especializados necesarios no caso de que así fora necesario.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 19285  
Data envío: 23/10/2017 14:03:50.554



3. Crear unha bolsa de profesionais, refuxios, centros de recollida e especialistas para respostar neste senso ás ameazas de emerxencia con previsión e capacidade de éxito.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.:Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 23/10/2017 14:01:21**

**Marcos Cal Ogando na data 23/10/2017 14:01:31**

**Luis Villares Naveira na data 23/10/2017 14:01:40**

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 10.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

3.4      19412(10/PNC-001571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego no artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro

*Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

A pasada semana, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 102/2017, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro. Axudas que teñen letra pequena e utilización das persoas mortas e das súas familias. Esa é a realidade.

O anuncio aos catro ventos do presidente da Xunta de Galicia foi que a prioridade han ser as familias das catro persoas que perderon a vida, e que recibirían unha cantidade de 75.000 euros e, de entre 60 e 103 euros por cada día de hospitalización, as persoas danadas. “*As axudas van ser inminentes*”, recalcaba. Mais lamentablemente, como nos contratos con cláusulas abusivas, hai letra pequena. No artigo 6 do decreto dise expresamente que se concederán axudas por falecemento, por incapacidade permanente absoluta e por lesións que motiven a hospitalización das persoas feridas “sempre que, como resultado das investigacións iniciadas, se determine a existencia de intencionalidade”.

E logo a teima do “Terrorismo incendiario”, publicidade institucional e mediática que xustifica o que significa este artigo, que as familias das persoas mortas e os feridos só han recibir axudas no momento en que unha sentenza firme probe a intencionalidade por parte de alguén, é dicir, despois de periplos xudiciais que poderían durar anos e anos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista rexeitamos que se xogue así coa dor dos familiares, só para acadar algún tipo de rédito.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o artigo 6 do Decreto 102/2017, de 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro, eliminando do mesmo a frase “sempre que, como resultado das investigacións iniciadas, se determine a existencia de intencionalidade”.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
José Antonio Quiroga Díaz  
José Manuel Pérez Seco  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2017 13:22:25**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 25/10/2017 13:22:32**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/10/2017 13:22:42**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/10/2017 13:22:49**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2017 13:22:57**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/10/2017 09:56**  
**Nº Rexistro: 19412**  
Data envío: 26/10/2017 09:56:42.976

---

 **Grupo Parlamentario**



**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2017 13:22:59**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---